

Memoria de actividades

Centro de Estudos Galegos John Rutherford da Universidade de Oxford

Ano 2022

Responsábel do CEG

Javier Muñoz Basols, Senior Lecturer in Spanish, University of Oxford

javier.munoz-basols@mod-langs.ox.ac.uk



Lectora

Lucía Cernadas Varela

lucia.cernadasvarela@mod-langs.ox.ac.uk



De acordo co calendario académico oxoniense, o ano 2022 comprendeu os trimestres de Hilary e Trinity do curso 2021/2022 e o trimestre de Michaelmas do curso 2022/2023. Durante este tempo, o Centro de Estudos Galegos de Oxford impulsou aulas de lingua, literatura e cultura, así como diversas actividades académicas e culturais que fican resumidas na seguinte memoria.

DOCENCIA

Hilary Term

Neste trimestre, a lectora impartiu unha hora semanal de catro niveis de lingua: Galician Beginners (1 estudante), Galician Intermediate 1 (4 estudantes), Galician Intermediate 2 (3 estudantes) e Galician Advanced (2 estudantes); tamén semanalmente, o alumnado dos cursos de lingua asistiu ás materias Galician Speaking Practice (6 estudantes) e Introduction to Galician Culture (6 estudantes).

Como novidade, en Hilary desenvolvéronse dous seminarios trimestrais demandados polo alumnado no trimestre anterior: por un lado, o curso de tradución de poesía galega ao inglés “Translating Contemporary Galician Poetry”, ao cal asistiron 6 estudantes; por outro lado, unha materia sobre a literatura galega medieval e as súas influencias na literatura e a cultura contemporáneas, denominada “Medieval Galician Literature and Its Contemporary Updates”, frecuentada tamén por 6 estudantes. As actividades derivadas destes dous seminarios serán explicadas en pormenor na correspondente sección desta memoria.

Alén dos estudos referidos, neste período un alumno finalizou o Paper XII: Modern Galician Linguistics, que iniciara no trimestre anterior baixo a supervisión da lectora.

Trinity Term

Durante este período, a lectura impartiu unha hora semanal de dous niveis de lingua: Galician Intermediate 1 (5 estudantes) e Galician Intermediate 2 (3 estudantes). Nas materias Galician Speaking Practice houbo 4 estudantes, en canto en Introduction to Galician Culture asistiron 3. As modificacións con respecto ao trimestre anterior debéronse á necesidade de mudar de grupo o alumnado de acordo co seu nivel, por un lado, e, por outro lado, ás particularidades do calendario académico oxoniense, que prevé que o estudantado de cuarto curso finalice antes o período lectivo.

Alén das materias impartidas anualmente, en Trinity Term desenvolveuse un seminario de escrita creativa en galego, ao cal asistiron 4 estudantes.

Michaelmas Term

No trimestre inaugural do curso 2022/2023, o CEG retomou a súa actividade coas seguintes materias: Galician Beginners (4 estudantes), Galician Intermediate 1 (4 estudantes), Galician Advanced (1 estudante), Galician Speaking Practice (2 estudantes) e Introduction to Galician Culture (1 estudante). Como novidade, tres alumnas que estudaran galego o ano anterior e actualmente realizan o seu Year Abroad asisten semanalmente a unha sesión telemática de conversa en galego, desde Andorra La Vella, Córdoba e París respectivamente. Ademais, un alumno completou o Paper XII: Modern Galician Linguistics baixo a supervisión da lectora.

ACTIVIDADES

Durante o ano 2022, o CEG levou a cabo actividades culturais e académicas de vario tipo, detalladas nas páxinas a seguir.

No 17 de febreiro, o escritor e doutor en Estudos Literarios pola Universidade da Coruña Carlos Callón ofreceu unha conferencia en liña titulada “A homosexualidade na poesía medieval ibérica: expresións e ocultacións”. Ao evento asistiron 24 persoas, e outras dúas solicitaron a gravación. Este acto foi organizado como actividade complementaria ao seminario “Medieval Galician Literature and Its Contemporary Updates”.



THE JOHN RUTHERFORD CENTRE FOR GALICIAN STUDIES PRESENTS

HOMOSEXUALITY IN MEDIEVAL IBERIAN POETRY: EXPRESSIONS AND SUPPRESSION

A HOMOSEXUALIDADE NA POESÍA MEDIEVAL
IBÉRICA: EXPRESIÓNS E OCULTACIÓNS

DR CARLOS CALLÓN, INSTITUTO ESPAÑOL DE LISBOA

February 17, 2022 | 5 pm | online event. To get free access, visit
<https://www.eventbrite.co.uk/e/homosexuality-in-medieval-iberian-poetry-expressions-and-suppression-tickets-254755319017>

lucia.cernadasvarela@mod-langs.ox.ac.uk

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 21:22 UNIVERSITY OF OXFORD MEDIEVAL AND MODERN LANGUAGES

Entre o 17 de febreiro e o 3 de marzo, estivo aberta ao público unha exposición bibliográfica sobre a obra de Rosalía de Castro na Taylor Institution Library (biblioteca de linguas modernas da Universidade de Oxford), co gallo do Día de Rosalía no 23 de febreiro. Foi o propio alumnado quen dispuxo a mostra, baixo a supervisión da lectora e da responsábel da sección de Galego e Portugués da Taylor Institution, Joanne Ferrari.



Alén da propia publicidade dada ao evento por parte do CEG, o evento foi difundido a través da conta de Twitter da Taylor Institution Library.




Tamén en relación co día de Rosalía, o 23 de febreiro foi publicada unha videolectura plurilingüe de poemas de Rosalía de Castro, en colaboración cos lectorados de galego de París, Leipzig e Madrid. O vídeo resultante, que reuniu máis de 30 persoas lendo en 11 idiomas, foi presentado nun evento online e difundido nas redes sociais dos respectivos lectorados. O traballo completo pode ser consultado na seguinte ligazón: [Evento Rosalía de Castro 2022](#)

O 28 de febreiro tivo lugar de xeito presencial no Centro a aula “Neotrobadorismo 2.0”, impartida pola tradutora e doutora Harriet Cook, sobre a reelaboración contemporánea da lírica medieval galego-portuguesa. Esta aula foi complementaria ao seminario “Medieval Galician Literature and Its Contemporary Updates”.



Xa durante o mes de abril, desenvolvéronse dúas sesións de intercambio lingüístico inglés galego entre o alumnado do CEG de Oford e o alumnado de inglés da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. O estudiantado de ambos os centros tivo a oportunidade de coñecer falantes nativos das linguas que están a estudar e compartir os seus gostos, intereses e curiosidades.



Durante o mes de maio, o CEG organizou diversos actos por volta do Día das Letras Galegas. Por un lado, leváronse a cabo dúas sesións en liña: o día 19 María Geremías, graduada en Galego e Portugués pola Universidade da Coruña, presentou o seu traballo sobre o impacto do Día das

Letras Galegas no campo editorial; o día 23, por súa vez, o escritor e investigador Miro Villar ofreceu unha conferencia sobre a traxectoria no exilio mexicano de Florencio Delgado Gurriarán, o autor homenaxeado en 2022.



Galician Literature Day - 17th May

LETRAS GALEGAS 2022

19th May, 1 pm: María Geremías (UDC): "Día das Letras Galegas and Its Effects in the Field of Publishing" (online)
>>>mariager.eventbrite.co.uk

20th May, 7 pm: Screening of "A poeta analfabeta - The Illiterate Poet" with Galician Film Forum (Shulman Auditorium, The Queen's College)
>>>theilliteratepoet.eventbrite.co.uk

23rd May, 5 pm: Miro Villar: "Florencio Delgado Gurriarán: Poetry from an Exile in Mexico" (online)
>>>mirovillar.eventbrite.co.uk

All month: exhibition of "Translating Contemporary Galician Poetry" project around Oxford. Start spotting!

Logos: UNIVERSITY OF OXFORD, INSTITUTE OF MEDIEVAL AND MODERN LANGUAGES, GALICIAN FILM FORUM, XACOBEO 21-22, XUNTA DE GALICIA

Por outro lado, en colaboración co Galician Film Forum, o día 20 proxectouse no Queen's College o documental *A poeta analfabeta*, dirixido por Sonia Méndez e dedicado á traxectoria da poeta e activista compostelana Luz Fandiño.



GALICIAN FILM FORUM - OXFORD SCREENINGS


A poeta analfabeta

[The Illiterate Poet]
By Sonia Méndez

FRIDAY 20TH MAY 2022 • 19.00 H
SHULMAN AUDITORIUM
THE QUEEN'S COLLEGE • HIGH STREET
OXFORD • OX1 4AW
FREE ENTRY • [THEILLITERATEPOET.EVENTBRITE.CO.UK](https://theilliteratepoet.eventbrite.co.uk)

Logos: UNIVERSITY OF OXFORD, INSTITUTE OF MEDIEVAL AND MODERN LANGUAGES, GALICIAN FILM FORUM, XACOBEO 21-22, XUNTA DE GALICIA

Finalmente, durante todo o mes o alumnado distribuíu por bibliotecas, cafetaría, edificios públicos... da cidade de Oxford cartaces e postais con fragmentos dos poemas que traduciran no seminario Translating Contemporary Galician Poetry. Estes materiais contiñan información sobre a autoría dos poemas mais un código QR que redirixía a unha antoloxía dixital dos orixinais e as traducións, aloxada [na páxina web da Faculty of Medieval and Modern Languages](#). Os poemas (de Belén Senín, Samuel Solleiro, Jesús Castro Yáñez, Alicia Fernández, Alba Cid, Arancha Nogueira e Charo Lopes) e as súas traducións recibiron até a data un total de 346 visitas. Alén diso, un dos poemas foi seleccionado polo alumnado para facer parte da antoloxía Diversity Translation Project, un programa impulsado pola Faculty of Medieval and Modern Languages que verá a luz en forma de libro no ano 2023.



Xa no novo curso, o CEG organizou dous eventos. Por un lado, un magosto que contou coa participación do grupo de pandeireteiras galegas en Oxford Pandeireteiras Panforreteiras, no cal o alumnado e a comunidade local en xeral tiveron a oportunidade de coñecer as tradicións propias desta festa, ouvir e interpretar música tradicional galega e practicar galego fora do ámbito lectivo. O evento contou cunha alta asistencia, incluído o propio John Rutherford, fundador do CEG de Oxford.



Por último, está previsto para o día 2 de decembro un concerto no Queen's college a cargo do guitarrista Samuel Diz, que realizará un percorrido polos seus traballos discográficos: desde a recuperación do descoñecido repertorio musical feito en Galicia, que plasmou en *Guitarra clásica galega* (Ouvirmos 2012) e no cal incluíu a inédita *Pastoral* composta por Xesús Bal e Gay en 1933; ata o disco *Memoria de la melancolía* (Poliédrica 2020), gravado coa guitarra orixinal de Federico García Lorca na Huerta de San Vicente de Granada. O evento pretende unir por en valor a música orixinal dunha xeración que viviu o esplendor artístico, lingüístico e de avances sociais da Segunda República, en contraste co horror, éxodo e dispersión da Guerra Civil e o exilio producido pola victoria fascista de 1939.

REDES SOCIAIS

A actividade do CEG de Oxford é habitualmente publicitada a través de dúas canles de redes sociais: o perfil de Facebook Galego en Oxford e a conta de instagram @vaodoboi, que no momento de redacción desta memoria conta con 269 seguidores. Esta conta é ademais unha ferramenta pedagóxica, pois nela publícanse habitualmente vídeos gravados polo alumnado do centro sobre a súa experiencia universitaria, tradicións e particularidades de Oxford, de modo

que poñen a proba as súas competencias lingüísticas ao mesmo tempo que se involucran en dar a coñecer o traballo do Centro tanto na comunidade galega como na receptora.

Neste último sentido, a lectora tamén contribuíu a divulgar a actividade do CEG participando nun vídeo do youtuber galego Olaxonmario, xunto coa coa actual lectora da Universität Leipzig, Sheila Gondar, e Denis Vicente, antigo lector na Universidade Estadual do Rio de Janeiro. O vídeo pode ser consultado na seguinte ligazón: [ESTÚDASE GALEGO NO ESTRANXEIRO?](#)